

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de outubro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas do e corenta e cinco minutos día vinte e catro de outubro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1018).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1019).- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ. ANO 2016. EXPTE. 7353/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/10/16, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/16, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 3 de xuño de 2016, acordou aprobar as a convocatoria e bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para o ano 2016.

As ditas bases foron publicadas no BOP núm. 111, do 10 de xuño de 2016 así como, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), do mesmo xeito publicouse o extracto da convocatoria no BOP núm. 113, do 14 de xuño de 2016, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte a súa publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Durante este prazo (do 15 de xuño ao 2 de xullo), corenta e tres entidades achegaron no Rexistro Xeral municipal un total de 90 solicitudes que, segundo acta da Comisión de Valoración de data 09/09/2016, se distribuíron, entre cada un dos Programas, do seguinte xeito:

Programa I: "Gastos de mantemento"	38 solicitudes
Programa II: "Gastos en investimento: equipamento"	34 solicitudes
Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles"	18 solicitudes
TOTAL PROXECTOS PRESENTADOS: 90	

OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2016 están destinadas a:

- Programa I: "Gastos en mantemento"
- Programa II: "Gastos en investimento: equipamento"
- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles"

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Segundo as bases reguladoras da subvención, a cantidade consignada presupostariamente para subvencionar o Programa I foi de 132.000 €, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada "Subvencións a entidades cidadás"

Pola súa parte, a cantidade dispoñible para os Programas II "Gastos de investimento: equipamento" e Programa III "Gastos de investimento: obras e adquisición de inmobles", é de 150.000 €, se fará efectiva con cargo á partida 9240 7800010, chamada "Transferencias de Capital Asociacións", do orzamento de 2016.

A distribución final destas contías entre os tres Programas resultou ser a seguinte:

- Programa I: 132.000 €
- Programa II: 50.000 €
- Programa III: 100.000 €

En ningún caso, as axudas outorgadas superan os límites cuantitativos fixados na base terceira das subvencións.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co art. 22.1 da LXS.

A cláusula décima das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles.

Achégase, como Anexo I á acta da CV do 09/09/2016, o escenario cos criterios de valoración, polo miúdo.

COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCÍONS

Ningunha das entidades solicitantes manifestou ter solicitada nin obtido ningunha outra subvención para a mesma finalidade, doutro servizo municipal ou doutra administración ou entidade pública ou privada no vixente exercicio presupostario.

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no RMA nos epígrafes 10.1 ou 10.5 de dito Rexistro, "Asociacións veciñais" e "Sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceo, casas rexionais", respectivamente, cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións. Porén, cinco das asociacións solicitantes, resultaron non estar inscritas nos epígrafes que, segundo a Base 1.d) da norma reguladora da subvención, permitían a concorrencia nesta convocatoria pública, polo que, propónse ao órgano competente a desestimación das súas solicitudes.

b) Ningunha entidade solicitante declara ter obtido unha axuda para para a mesma finalidade dos Programas I,II e III (anexo IV.A.7):

c) Todas as solicitudes para concorrer no procedemento, se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base novena. O prazo de quince días hábiles fixado para presentación de solicitudes finalizou o 2/07/2016.

d) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria, a saber:

- Programa I: en ningún caso, a contía de 4.000 €*
- Programa II: en ningún caso, o cantidade de 5.000 €*
- Programa III: o 80 % do orzamento presentado e o máximo de 15.000 €*

e) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).

f) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2 e 3).

g) As entidades que resultaron beneficiarias da subvención teñen debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas que se lle outorgaron na Área de Participación Cidadá, de conformidade coa Base 6.2, apartado 1º. Enténdese cumprido este requisito, respecto das entidades solicitantes, que non concorreron á convocatoria do ano 2015, ou que, se ben concorreron, non obtiveron subvención ou renunciaron á subvención outorgada, polo que, non se lle outorga ningunha puntuación polo criterio de “xustificación de subvención”, previsto na Base 10.h) da convocatoria.

h) Incorpóranse ao expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.

i) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS (anexo IV.A.7), requisito esixido pola Base 2.7

j) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulados na Base 8ª e aprobados como modelos oficiais (anexos I - IV.A e B)

k) Incorpórase como Anexo I a acta da Comisión de Valoración do 9 de setembro de 2016, conformidade da Concellería de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, sede de entidades asociativas, que se subvencionan no Programa III (“Gastos en investimento: obras e adquisicións de inmobles”), da mesma data. Do resto das asociacións que solicitaron subvención para o Programa III, seis manifestan ser propietarias do local social e dúas indican que o local é alugado. (Anexo IV.A.5).

l) Pola súa parte, a desestimación parcial da subvención da A.V.C.D San Andrés de Comesaña- Nautilus, débese a que, a entidade non atendeu, no prazo de dez días, ao requirimento de presentación de documentación solicitada a través da notificación co número de saída 18516, recibida o 26/07/2016 e, por non acompañar á solicitude a documentación preceptiva sinalada na Base 8.1.f), isto é, a fotocopia da licenza municipal de obra, orzamento e reportaxe fotográfica:

PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

a) De acordo coa base Décimo 11.8 das bases reguladoras da subvención, o procedemento de concesión ou desestimación das axudas resolverase “no prazo de seis meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria”.

En calquera caso, non se excederá o prazo máximo de nove meses que o art. 23.1 da LSG, de aplicación á Administración Local, establece para resolver e notificar a resolución do procedemento.

b) Tal e como preceptúa o art. 23.3 LGS a resolución, “ademais de conter a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto de solicitudes”. No mesmo senso, se reflectiu na Base 11.9ª.

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das trinta e nove (35) entidades as que se lle propón conceder subvención, para algún ou todos os Programas para os que solicitou axuda.

Así mesmo, como anexos ao presente informe, incorpóranse ao expediente:

- Anexo II: táboas coa proposta final por Programas (I, II e III)
- Anexo III: táboa coa proposta final por entidades

Proponse, por outra lado, desestimar ás solicitudes relacionadas nas táboas seguintes, xa que as mesmas non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria.

Das solicitudes achegadas, seguindo o disposto nas bases 2ª (Requisitos dos Solicitantes) e 6ª (Desestimación das Solicitudes) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación das solicitudes de cinco (5) entidades, xa que as mesmas non están inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións, inscrición que, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública:

TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal)		
CIF	ENTIDADES	REXISTRO E PROGRAMAS
G-36776920	Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia. AFAGA	160088605 (P.I) 160088607 (P.II)
G-27739861	Asociación Cultural TRASPÉS	160089680 (P.I) 160089696 (P.II)
G-36698686	Asociación Folclórica e cultural ANDARELA	160089450 (P.I) 160089453 (P.II) 160089455 (P.III)
G-36639110	Asociación Cultural Banda de Música Unión Musical de Valladares	160090080 (P.I) 160090081 (P.II)
G-36796142	Asociación Sodinautica	160090123 (P.I)

Conforme a mesma base, acordase desestimar as solicitudes das seguintes entidades por incumprimento da base 6.2.a) "A non xustificación das subvencións obtidas durante o ano inmediatamente anterior a esta convocatoria (ano 2015)":

TÁBOA 2 (Falta de xustificación das subvencións outorgadas no ano 2015)				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	REXISTRO	MOTIVO
G-36648186	A.VV Camiño Vello de Coia	I	160089440	Base 6.2: A non xustificación das subvencións obtidas durante o ano inmediatamente anterior a esta convocatoria (ano 2015)
G-27749217	A.VV. O Torreiro de Coia	I	160089302	Base 6.2: A non xustificación das subvencións obtidas durante o ano inmediatamente anterior a esta convocatoria (ano 2015)

Finalmente, propónse a desestimación da seguinte entidade, por presentar a súa solicitude fóra do prazo establecido (de 15 de xuño a 2 de xullo de 2016):

TÁBOA 3 (Presentación da solicitude fóra do prazo)				
CIF	ENTIDADE	PROGRAMA	REXISTRO	MOTIVO
G-36646545	A.VV de Teis	II	160095909 (11-07-16)	Base 20: ... A publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles pra a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no BOP (14 de xuño de 2016)

Así mesmo, de conformidade coa Base 6ª.2, en relación coa Base 2ª.8 da convocatoria, propónse a desestimación parcial da solicitudes da Asociación de Vecinos de Novo Vigo, AVC. Monte da Mina Castrelos, Asociación de Veciños Fonte do Galo por existir no vixente orzamento municipal consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos programas subvencionados nesta convocatoria:

TÁBOA 4 (Entidades con convenio nominativo para gastos de mantemento)			
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	REXISTRO
G-27771195	Asociación de Vecinos de Novo Vigo	I	160090104
G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos	I	160089228
V-36655017	Asociación de Veciños Fonte do Galo	I	160082546

Por outra banda propónse a desestimación parcial da subvención da A.V.C.D San Andrés de Comesaña- Nautilus, xa que, a entidade non atendeu, no prazo de dez días, ao requirimento de presentación de documentación solicitada a través da notificación co número de saída 18516, recibida o 26/07/2016 e, por non acompañar á solicitude a documentación preceptiva sinalada na Base 8.1.f), isto é, a fotocopia da licenza municipal de obra, orzamento e reportaxe fotográfica:

TÁBOA 5 (Solicitude e documentación incompleta)				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	REXISTRO	MOTIVO
G-36631703	A.V.C.D. San Andrés de Comesaña Nautilus	III	160091799	Base 6.2: Non acompaña a documentación preceptiva sinalada na Base 8.1.f)

Ademais, de conformidade coa Base 6.4, último parágrafo, dentro do Programa II propónse a desestimación parcial da solicitude dunha asociación (1) por tratarse dun proxecto que non responde á natureza da actividade subvencionada, e por non axustarse ás condicións dos gastos subvencionables e aos requisitos establecidos na Base 3.2, segundo a cal, dentro do Programa II, teñen tal carácter os gastos de equipamento das sedes sociais mediante adquisición de bens mobles inventariables destinados á nova adquisición ou substitución de equipos, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, equipos informáticos, mobiliario de oficina e similares:

TÁBOA 6 (Concepto non subvencionable)				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	REXISTRO	SOLICITUDE
G-36622793	A.V.V. Cristo da Victoria de Coia	II	160089183	"Reparación de patio exterior"

Unha vez retiradas as solicitudes indicadas nos parágrafos anteriores, optan a ser beneficiarias das subvencións as seguintes entidades:

TÁBOA 7 : ENTIDADES BENEFICIARIAS			
	CIF	ASOCIACIÓN	PROGRAMAS
1	G-27762434	Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	I-II-III
2	G-36648640	A.V.C.S. San Miguel de Oia	I-II-III
3	G-36709004	A.V. Doutor Fleming	I-II
4	G-36649325	Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma	I-II-III
5	G-36651073	A.V.C.D. De Cabral	I-II-III
6	G-36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamáns	I-II-III
7	G-36659829	A.V. De Coruxo	I-II
8	G-36842284	A.V.V. Da Miñooca	II
9	V-36655017	A.V. Fonte do Galo	II-III
10	G-36645885	A.VV Casco Vello	I-II
11	G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos	III
12	G-36640860	A.V. C.U. "Val do Fragoso"	I
13	G-36632081	A.V.C.V- C.S.C.R de Beade	I-II-III
14	G-36648988	A.V.C.D. "San Xurxo" Saians	I-II-III
15	G-36654036	A.V. De Matamá "A Unión"	I-II-III
16	G-36659894	A.V. De San Roque	I-II
17	G-36633618	A.V.C.D. Lavadores	I-II-III
18	G-36640985	.A.V. "As Nosas Rúas"	I
19	G-36649374	A.V. "Nosa Terra" Alcabre	I-II
20	G-36648608	A.V. De Navia	I-III
21	G-36622793	A.V.V Cristo da Victoria de Coia	I
22	G-36648996	Asociación Cultural Recreativa Deportiva "Pardavila"	I-II-III
23	G-36972024	Asociación Veciñal Curva de San Gregorio	II-III
24	G-27771195	Asociación de veciños de Novo Vigo	II
25	G-36729796	AVV. Feira Cabral	I-II
26	G-36690360	A.VV Nosa Señora das Neves	I
27	G-36633428	S.C.D.R Helios- Bembrive	I-II
28	G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	I-II
29	G-36628543	A.C.D.Xestas	I-II
30	V-36658680	C.C.R.de Cabral	I-II-III
31	G-36617082	C.C.R. De Valladares	I-II-III

32	G-36627495	C.R.A.C. Coruxo	I
33	G-36863348	U.V.C.D Candeán	I-II
34	G-36631703	S.V.C.D Nautilus	I-II
35	G36654184	A.V.S.C.D O Freixo	I-II-III

PRAZO, FORMA E MODELOS DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS CONDEDIDAS

O prazo e forma de xustificación das subvencións rexerase polo disposto na Base 13^a da convocatoria, quedando as beneficiarias obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos e debendo presentar a conta xustificativa nos modelos oficiais aprobados (Anexos V, VI, VII, VIII.A) , VIII.B), IX.A e IX.B) xunto coa restante documentación especificada na devandita norma.

ÓRGANO COMPETENTE

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

En virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19/06/2015, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

RECURSOS

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo os art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). O recurso contencioso-administrativo non poderá interpoñerse ata a resolución expresa ou desestimación presunta do recurso de reposición interposto. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA).

Á vista do exposto, de conformidade coa Base 11.8^a da norma reguladora da subvención, art. 23.3 da LSG e art. 124.4.n) e ñ) da LRBRL, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG e Base Décimo Primeira.8), ás trinta e cinco (35) entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás”, cunha dotación de 132.000 €, e/ou á partida presupostaria 9240 7800010, chamada “Transferencias de Capital Asociacións”, dotada con 150.000,00 €, subvención en concepto de “Gastos de mantemento” (Programa I), “Gastos en investimento: equipamento” (Programa II) e/ou “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles” (Programa III), correspondentes á “Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2016”, polo contía total que se reflicte a seguir:

	CIF	ASOCIACIÓN	EXPTE	PROGRAMAS	ORZAMENTO	IMPORTE SUBVENCIÓN	TOTAL	
1	G-27762434	Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	7353-320	I-II-III	Gastos de mantemento: teléfono, luz, aluguer	9.004	4.000	7692,8
					2 carpas e 2 roll up (cartel enrollable)	1.800	1.800	
					Pintado do local social	2.366	1.893	
2	G-36648640	A.V.C.S. San Miguel de Oia	7353-320	I-II-III	Gastos de mantemento: luz; auga; teléfono; alarma; gasóleo; mantemento de extintores, seguro local e responsabilidade civil; lixo; limpeza; mantemento pequenas avarías	13.812	4.000	13476,72
					Proxector led	1.491	1.491	
					Plataforma para discapacitados	10.518	7.986	
3	G-36709004	A.V. Doutor Fleming	7353-320	I	Gastos de mantemento: teléfono; auga; luz; seguros; lixo; rexistro mercantil; comunidade; limpeza; mantemento extintores; franqueo cartas; folletos; mto. Equipos informático; avarías; persoal administrativo	6.601	4.000	4169
				II	Deshumificador	169	169	
4	G-36649325	Asociación Veciñal “O Carballo” de Sárdoma	7353-320	I	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono e internet; asesoría; seguro; limpeza; material oficina; mantemento extintores	5.019	4.000	15981,07
				II	Cortinas para escenario	3.713	2.606	
				III	Tarima flotante nas aulas e corredor do segundo piso	12.318	9.375	
5	G-36651073	A.V.C.D. De Cabral	7353-320	I	Gastos de mantemento: auga; electricidade; teléfono; seguros; impostos; xestión; limpeza; material oficina; servizo e material informático; pequenas avarías; administrativa	15.424	4.000	10338,66
				II	Ordenador portátil e CPU para oficina	1.116	1.116	
				III	Reforma na planta 1ª. Selado e conservación de fiestras Cambio de fiestras velas	6.528	5.222	
6	G-36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamás	7353-320	I	Gastos de mantemento: teléfono, ADSL; luz; gasóleo calefacción; seguro centro; seguro responsabilidade civil; taxa lixo; papelería	6.187	4.000	8780,88
				II	Micrófonos para voz e para instrumentos	881	881	
				III	Limpeza e arranxo do tellado	4.900	3.900	
7	G-36659829	A.V. De Coruxo	7353-320	I	Gastos de mantemento: teléfono, internet; seguro local e responsabilidade civil; asesoramento fiscal e xurídico, impostos e taxas; material oficina; correos; fotocopias; limpeza e mantemento	2.861	2.860	3400
				II	Materiais montaxe espello. Armario	541	540	
8	G-36842284	A.V.V. Da Miñoca	7353-320	II	7 mesas mostrador, parrilla, carpa, 12 peanas, lona	5.648	2.847	2846,99
9	V-36655017	A.V. Fonte do Galo	7353-320	II	Ordenadores, dispensadores rolos secamans e radiador térmico	2.012	2.012	4496,88
				III	Renovación das portas correderas	3.106	2.485	

CIF	ASOCIACIÓN	EXPTE	PROGRAMAS		ORZAMENTO	IMPORTE SUBVENCIÓN	TOTAL
V-36658680	C.C.R.de Cabral	7353-320	I	Gastos de mantemento: Auga; luz; teléfono; gasoil; seguros; lixo; asesoría; reparación ordenadores; limpeza	9.151	4.000	11224,85
			II	Tablet. Impresora 3D. Mobiliario.	3.882	2.246	
			III	Arranxo de canalóns do tellado. Arranxo de arquetas	6.224	4.979	
G-36617082	C.C.R. De Valladares	7353-320	I	Gastos de mantemento: gas, teléfono, IBI	4.105	4.000	17267,84
			II	Paneis informativos; armarios empotrados; armarios plástico; microfonía; amplificador e cableado; material escénico; equipamento modular de metal e madeira	6.310	2.967	
			III	Reformas: protección antihumidade e pintado de paredes; renovación teitos escaiola; fontanería; renovación baños	18.775	10.301	
G-36627495	C.R.A.C. Coruxo	7353-320	I	Gastos de mantemento: auga; prensa; luz; extintores; teléfono; internet; gasóleo; lixo; seguros; IBI; limpeza; correos; material oficina; cartelería; imprenta; pequenas avarías	12.121	4.000	4000
G-36863348	U.V.C.D Candeán	7353-320	I	Gastos de mantemento: auga, luz, teléfono, gasoil, seguros, asesoría; pequenas avarías	14.600	4.000	6205,41
			II	Fotocopiadora multifunción; impresora carnets	4.543	2.205	
G-36631703	S.V.C.D Nautilus	7353-320	I	Gastos de mantemento: auga, luz, teléfono, gasoleo, papelería, correos, seguros, asesoría, impostos, limpeza, mantemento informático, pequenos arranxos e avarías	4.714	4.000	4975
			II	Fotocopiadora; ordenador	975	975	
G36654184	A.V.S.C.D O Freixo	7353-320	I	Gastos de mantemento: teléfono, luz, lixo, IBI, Seguro Local e Responsabilidade Civil, papelería, pequenas avarías	3.334	3.334	9540,87
			II	Ordenador e impresora; estores; cadeiras madeira	2.982	1.724	
			III	Pintado das instalación; arranxo humidades e falso teito	5.603	4.483	
						TOTAL	263265,66

CIF	ASOCIACIÓN	EXPT	PROGRAMAS		ORZAMENTO	IMPORTE SUBVENCIÓN	TOTAL
G-36645885	A.VV Casco Vello	7353-320	I	Gastos de mantemento: teléfono; asesoría; seguros; limpeza; correos; gastos oficina; seguridade; mantemento do chan e pequenas reparacións.	8.008	4.000	7007,38
			II	Deshumidificador, 2 carpas plegables con accesorios, equipo de son	7.168	3.007	
G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos	7353-320	III	Colocación Fiestra e Reparación Pintura	8.228	6.582	6582
G-36640860	A.V. C.U. "Val do Fragoso"	7353-320	I	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; alarma; ascensor; seguro responsabilidade civil; asesoría	5.023	4.000	4000
G-36632081	A.V.C.V- C.S.C.R de Beade	7353-320	I	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; seguro, asesoramento; limpeza, material, fotocopias, mantemento e avarías, persoal administrativo	29.439	4.000	17348,51
			II	Ordenador portátil e sobremesa 2 estanterías 1 equipo de música, 1 proxecto	2.585	2.585	
			III	Reparación da fachada sur do local	18.172	10.764	
G-36648988	A.V.C.D. "San Xurxo" Saiaes	7353-320	I	Gastos de mantemento: electricidade; telefonía; auga; gas; seguros Resp. Civil e colectividades; mantemento da fotocopiadora, extintores e cadeira; asesoría laboral e xurídica; IBI; gastos persoal	6.176	4.000	13900,53
			II	5 mesas, 2 cortasetos, 2 termos eléctricos, menaxe cocinã	1.530	1.530	
			III	Cambio de cuberta. Impermeabilización de cuberta. Sustitución de ventás Colocación barandas de seguridade	10.463	8.371	
G-36654036	A.V. De Matamá "A Unión"	7353-320	I	Gastos de mantemento: Teléfono; electricidade; seguro; limpeza; reparacións; ITE; correos; material oficina (circulares...)	4.075	4.000	9843,49
			II	Mesas, espello, suelo antideslizante portátil, máquina aire acondicionado	5.991	2.286	
			III	Rehabilitación e conservación do edificio (Limpeza e reparación de fachadas...)	4.447	3.558	
G-36659894	A.V. De San Roque	7353-320	I	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; comunidade; impostos ; seguro local, responsabilidade civil, limpeza, material funxible, pequenas reparacións	5.022	4.000	6245,51
			II	Impresora e usb. Mobles con mesado. Máquina de coser. Mesa e plancha. Fontes e xarras.	2.315	2.246	
G-36633618	A.V.C.D. Lavadores	7353-320	I	Gastos de mantemento: teléfono; auga; luz; EUI; IBI; adaptación a LOPD	9.499	4.000	17307,94
			II	Mesas articuladas, cadeiras madeira; mesa mezcla, micro inhalambrico, micro e bafe, equipo bucinas; termo cortinas	7.453	3.007	
			III	Reformas e conservación das instalacións (reparación humedades e pintado, sustitución falso teito, reparación tarima, instalación eléctrica...)	17.406	10.301	
G-36640985	A.V. "As Nosas Rúas"	7353-320	I	Gastos de mantemento: Auga; teléfono; comunidade; luz; asesoría; seguro; papelería; correos; avarías persianas, mantemento extintores e limpeza	5.892	4.000	4000
G-36649374	A.V. "Nosa Terra" Alcabre	7353-320	I	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; alarma; material oficina; seguro local; revisión extintores; arranxo todo	5.283	4.000	5493,22
			II	Equipamento para mesas metálicas e parrillas. Cristais, alarma, termo.	1.493	1.493	
G-36648608	A.V. De Navia	7353-320	I	Gastos de mantemento : xornais, fotocopias, lixo, teléfono/internet, auga, páxina web, luz, correos, imprenta, seguros, asesoría, reparacións ordenador, lámpadas, avarías pechaduras e billas, revisión extintores, gastos de persoal	7.989	4.000	7000
			III	Rehabilitación Hórreo	7.114	3.000	
G-36622793	A.V.V Cristo da Victoria de Coia	7353-320	I	Gastos de mantemento: Auga; luz; gas; tlf e internet; ferratería; seguro; material oficina; mantemento fotocopiadora; mantemento alarma ; droguería e limpeza	9.286	4.000	4000
G-36648996	Asociación Cultural Recreativa Deportiva "Pardavila"	7353-320	I	Gastos de mantemento: electricidade; auga; telefonía; internet; lixo; seguro edificio; alarma; reparación e consumibles impresora, prensa	3.441	3.441	8231,69
			II	2 CPU, pantallas e impresora. 2 armarios, caixa, cadeiras e bandexa	2.449	1.965	
			III	Dobre ventanal e portas de aluminio. Reforma de baños	3.533	2.826	
G-36972024	Asociación Veciñal Curva de San Gregorio	7353-320	II	Equipos informáticos, mesas de traballo	2.190	2.085	6061,14
III	Reformas de albanalería, reparación persianas, material obras	4.970	3.976				
G-27771195	Asociación de veciños de Novo Vigo	7353-320	II	Disco duro; armarios, estanterías, espellos, prolongador, cortina, roll-up/lona, carro transporte, parrillas e tubos de soporte.	3.296	2.205	2205,41
G-36729796	AVV. Feira Cabral	7353-320	I	Gastos de mantemento: auga; gas; luz; teléfono, seguros, mantemento e reparación Pcs, Recarga extintores	3.131	3.131	4826,21
			II	equipamento informático, 6 mesas, armario, mesa resina, pizarra	1.695	1.695	
G-36690360	A.VV Nosa Señora das Neves	7353-320	I	Gastos de mantemento: auga, luz; seguro, taxa lixo; material limpeza, pequenas avarías e papelería	1.079	500	500
G-36633428	S.C.D.R Helios- Bembrive	7353-320	I	Gastos de mantemento: luz, teléfono, auga, imposto lixo, seguros, limpeza	5.664	4.000	4798,11
			II	Electromiño 50mts tubo dobre capa. Tapa ciega. Base 2p+TT. Caixa solo. Mesa cocinã	798	798	
G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	7353-320	I	Gastos de mantemento: electricidade, teléfono, fax, auga, alarma, seguros, lixo, xestoría, publicidade, correos, material de oficina, fotocopias	15.222	4.000	5454,55
			II	4 ordenadores, 4 pantallas	1.455	1.455	
G-36628543	A.C.D.Xestas	7353-320	I	Gastos de mantemento: luz, tlf, IBI, seguro, asesoría, material funxible (informático e papelería), gastos fontanería	4.148	4.000	4063
			II	Repetidos wifi	63	63	

SEGUNDO: DESESTIMAR, integramente, conforme ao art. 23.3 da LSG e Base 6ª.2, ás cinco (5) entidades que se relacionan, a súas solicitudes de subvencións, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias, en concreto, por non estar inscritas a asociacións solicitantes no RMA ou por non estas inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 daquel, que segundo as Bases primeira, apartado d) e segunda habilitaban para concorrer nesta convocatoria pública :

<i>TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epígrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal)</i>		
<i>CIF</i>	<i>ENTIDADES</i>	<i>REXISTRO E PROGRAMAS</i>
<i>G-36776920</i>	<i>Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias de Galicia. AFAGA</i>	<i>160088605 (P.I) 160088607 P.II)</i>
<i>G-27739861</i>	<i>Asociación Cultural TRASPÉS</i>	<i>160089680 (P.I) 160089696 (P.II)</i>
<i>G-36698686</i>	<i>Asociación Folclórica e cultural ANDARELA</i>	<i>160089450 (P.I) 160089453 (P.II) 160089455 (P.III)</i>
<i>G-36639110</i>	<i>Asociación Cultural Banda de Música Unión Musical de Valladares</i>	<i>160090080 (P.I) 160090081 (P.II)</i>
<i>G-36796142</i>	<i>Asociación Sodinautica</i>	<i>160090123 (P.I)</i>

TERCEIRO: DESESTIMAR parcialmente, as solicitudes das seguintes entidades por incumprimento da base 6.2.a) " A non xustificación das subvencións obtidas durante o ano inmediatamente anterior a esta convocatoria (ano 2015)":

<i>TÁBOA 2 (Falta de xustificación das subvencións outorgadas no ano 2015)</i>				
<i>CIF</i>	<i>ENTIDADES</i>	<i>PROGRAMA</i>	<i>REXISTRO</i>	<i>MOTIVO</i>
<i>G-36648186</i>	<i>A.VV Camiño Vello de Coia</i>	<i>I</i>	<i>160089440</i>	<i>Base 6.2: A non xustificación das subvencións obtidas durante o ano inmediatamente anterior a esta convocatoria (ano 2015)</i>
<i>G-27749217</i>	<i>A.VV. O Torreiro de Coia</i>	<i>I</i>	<i>160089302</i>	<i>Base 6.2: A non xustificación das subvencións obtidas durante o ano inmediatamente anterior a esta convocatoria (ano 2015)</i>

CUARTO: DESESTIMAR, a solicitude da seguinte entidade, por presentar a súa solicitude fóra do prazo establecido (de 15 de xuño a 2 de xullo de 2016):

TÁBOA 3 (Presentación da solicitude fóra do prazo)				
CIF	ENTIDADE	PROGRAMA	REXISTRO	MOTIVO
G-36646545	A.VV de Teis	II	160095909 (11-07-16)	Base 20: ... A publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles pra a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no BOP (14 de xuño de 2016)

QUINTO: DESESTIMAR parcialmente, de conformidade coa Base 6ª.2, en relación coa Base 2ª.8 da convocatoria, propónse a desestimación parcial da solicitudes da Asociación de Vecinos de Novo Vigo, AVC. Monte da Mina Castrelos, Asociación de Veciños Fonte do Galo por existir no vixente orzamento municipal consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos programas subvencionados nesta convocatoria:

TÁBOA 4 (Entidades con convenio nominativo para gastos de mantemento)			
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	REXISTRO
G-27771195	Asociación de Vecinos de Novo Vigo	I	160090104
G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos	I	160089228
V-36655017	Asociación de Veciños Fonte do Galo	I	160082546

SEXTO: DESESTIMAR parcialmente, a subvención da A.V.C.D San Andrés de Comesaña-Nautilius, xa que, a entidade non atendeu, no prazo de dez días, ao requirimento de presentación de documentación solicitada a través da notificación co número de saída 18516, recibida o 26/07/2016 e, por non acompañar á solicitude a documentación preceptiva sinalada na Base 8.1.f), isto é, a fotocopia da licenza municipal de obra, orzamento e reportaxe fotográfica:

TÁBOA 5 (Solicitude e documentación incompleta)				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	REXISTRO	MOTIVO
G-36631703	A.V.C.D. San Andrés de Comesaña Nautilius	III	160091799	Base 6.2: Non acompaña a documentación preceptiva sinalada na Base 8.1.f)

SÉTIMO: DESESTIMAR parcialmente, de conformidade coa Base 6.4, último parágrafo, dentro do Programa II propónse a desestimación parcial da solicitude dunha asociación (1) por tratarse dun proxecto que non responde á natureza da actividade subvencionada, e por non axustarse ás condicións dos gastos subvencionables e aos requisitos establecidos na Base 3.2, segundo a cal, dentro do Programa II, teñen tal carácter os gastos de equipamento das sedes sociais mediante adquisición de bens mobles inventariables destinados á nova adquisición ou substitución de equipos, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, equipos informáticos, mobiliario de oficina e similares:

TÁBOA 6 (Concepto non subvencionable)				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	REXISTRO	SOLICITUDE
G-36622793	A.V.V. Cristo da Victoria de Coia	II	160089183	"Reparación de patio exterior"

OITAVO: AMPLIAR o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, ata o día 31 de outubro de 2016.

NOVENO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 58 e 59 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dítar e notificar resolución.

DÉCIMO: INFORMAR, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 4.1.c) da Lei 30/92, de RXAP e PAC, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

DÉCIMO PRIMEIRO: ORDEAR, aos efectos do disposto no art. 20 da LSG, e publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aprobadas as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida o obxectivo e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.